



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Macías Cambra, Enrique

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 13 de febreiro de dous mil nove ás 10:00 horas en primeira convocatoria e ás 10:15 horas en segunda.

O venres, día 13 de febreiro de 2009, ás 10:20 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de maio de 2008.
2. Incoación de expediente de revisión de oficio do proceso electoral da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
3. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 28 de maio de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Incoación de expediente de revisión de oficio do proceso electoral da Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación

A presidenta explica os feitos acontecidos, que resumidamente supoñen que nas eleccións a membros de Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación se inclúen, como membros natos, no sector de profesorado con vinculación permanente á universidade aos axudantes doutores.

Agora para corrixir o defecto é necesario incoar un procedemento de revisión de oficio do proceso electoral.

A presidenta sinala que é necesario nomear un instrutor para tramitar o expediente.

Despois dun debate con intervención da Prof. Gil e o Sr. Fernández, acórdase que o Sr. Fernández asuma a tramitación do expediente.

Debátese sobre a lexitimidade da actual Xunta de Centro de centro para seguir actuando e sinala a Secretaria Xeral que se solicitará informe á asesoría xurídica sobre esta situación e o mesmo comunicarase aos membros da Comisión mediante correo electrónico.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Punto 3. Rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 horas do día 13 de febreiro de 2009 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a González Pillado